

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE LUGO *LUCUS AUGUSTI* PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE IGUALDADE E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO MEDIO RURAL NA PROVINCIA DE LUGO

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2020

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a entidade Federación de Asociacións de Veciños de Lugo *Lucus Augusti*, NIF G27158575, representada por Jesús Vázquez Varela, que actúa en nome e representación da mesma en virtude da acta da Asamblea Xeral celebrada o 23 de febreiro de 2018.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Federación de AA.VV de Lugo *Lucus Augusti* é unha organización sen ánimo de lucro nada como iniciativa social dos veciños e veciñas de Lugo e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais. Está conformada por un conxunto de máis de 260 asociacións veciñais pertencentes a todo o territorio provincial cun total de 20.000 persoas implicadas.

Entre os obxectivos da Federación está a loita contra a violencia de xénero en todos os ámbitos, principalmente no medio rural, en pequenos municipios, onde a información non chega facilmente e onde os prexuízos sociais impiden as mulleres dar

a coñecer a súa penosa situación persoal, xa que a denuncia non sempre é fácil, en moitos casos as mulleres séntense illadas.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Terceiro.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e na demais lexislación aplicable na materia.

Cuarto.- Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, inclúe como un dos seus principios a equidade territorial e nel faise referencia a que no desenvolvemento da rede de recursos e servizos de prevención, atención, apoio tratamento e protección da violencia de xénero terase en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o seu acceso á totalidade das mulleres, especialmente ás que viven no ámbito rural.

Así mesmo dita lei sinala no seu artigo 6.2 que se diseñarán campañas específicas que teñan en conta as circunstancias que dificultan ás mulleres do ámbito rural o acceso á información colaborando no desenvolvemento das mesmas coas asociacións de mulleres rurais.

Quinto.- Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 do 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a *"necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres"*. Ditas accións inscribíense no marco do seguimento da Plataforma de Pequín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión "xénero" en todas as súas

políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e mais especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

Sexto.- Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliase, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analízase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

Sétimo.- As medidas do Pacto de Estado céntranse, entre outras, no fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención de violencia de xénero, desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade; en concreto, a

medida 31, recolle que pola súa especial incidencia desenvolveranse campañas dirixidas especificamente a mulleres que viven no ámbito rural, garantíndolles maior accesibilidade aos recursos e á información.

Así mesmo o eixo 3 do Pacto de Estado recolle no seu punto 5 un apartado específico adicado ao Rural e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural así como a realización dun estudo da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural.

Oitavo.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar as mulleres que viven no ámbito rural, neste caso na provincia de Lugo, unha serie de actuacións que as axuden a prevención da violencia contra as mulleres e nenas, así como a ser capaces de identificar e denunciar inxustizas ou abusos, e ao mesmo tempo dar énfase ás dificultades e retos que asumen moitas mulleres rurais, tanto no seno da esfera privada coma na esfera pública.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, para o posta en marcha dun programa de Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero no medio rural da provincia de Lugo.

A Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, desenvolverá a través de medidas de sensibilización e formación a realización de actividades coas que se pretende acadar o empoderamento das mulleres do rural, a prevención da violencia machista a detección de determinadas situacións actos ou condutas que prexudican as mulleres do rural así como a eliminación de roles e estereotipos de xénero, que se agravan moito máis no medio rural.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que non existe na provincia de Lugo outra entidade que aglutine un número tan elevado de asociacións veciñais como a Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, que dende ahí tempo traballa na análise e situación de circunstancias específicas da mulleres que viven no rural, amosándose polo tanto coa capacidade suficiente para achegarse a elas e traballar na sensibilización e prevención da violencia de xénero.

O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente liña de colaboración.

Segunda.- Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias deste programa poderán ser aquelas persoas que vivan no medio rural da provincia de Lugo e tamén aquelas outras que habiten en pequenos centros urbanos de Lugo.

Terceira.- Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, achegará a cantidade total de 30.000 € (trinta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, para os gastos efectivamente realizados no exercicio 2020, derivados da posta en marcha e funcionamento das actuacións

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a

Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro de 2020. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data e un resumo global dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a **documentación acreditativa do pagamento, seguindo a orde indicada na relación do punto anterior**. No caso de non achegarse os orixinais, acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación**, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** doutras axudas ou subvencións que financiasen a actividade subvencionable con indicación do importe e a procedencia para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula cuarta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **3 de decembro de 2020**.

Sexta.- Memoria final

A Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, remitirá á Secretaría Xeral da Igualdade unha memoria final de actuación do exercicio 2020 na que se recollerán as experiencias do funcionamento das actuacións postas en marcha e que incluírá o número de persoas usuarias, desagregadas segundo os criterios establecidos, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

A devandita memoria deberá ser remitida antes do 31 de xaneiro de 2021.

Sétima.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta, agás a memoria de actuación.

Décima.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Décimo primeira.- Compromiso das partes

A entidade Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que

constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.

- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral de Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral de Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en

ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Secretaría Xeral de Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral de Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula cuarta.

Décimo segunda.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo cuarta.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo quinta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo sexta.- Comisión de seguimiento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da vicepresidencia e consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza, pola secretaria xeral de igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa secretaría, e, por parte da entidade Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, polo seu presidente ou persoa que este dispoña para que o substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sétima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitava.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo novena.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo

que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), a entidade Federación AA.VV de Lugo Lucus Augusti, en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Vixésima .- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020.


E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA


O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LUGO
LUCUS AUGUSTI

P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)

A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella



Jesus Vazquez Vazquez